

INFORME DA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO EN RELACIÓN Á DECLARACIÓN DO CONCELLO DE VIGO ZONA DE GRAN AFLUENCIA TURÍSTICA

A **Federación Galega de Comercio**, en calidade de máxima entidade representativa en Galicia do pequeno e mediano comercio, que aglutina unhas 200 asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos, así como máis de 70.000 comercios integrados, a través do presente informe, **manifesta a súa posición en relación as recentes novas en canto a pretensión do Concello de Vigo de propoñer á declaración de dito Concello, como zona de gran afluencia turística aos efectos de acadar a plena liberdade de apertura comercial** conforme ao disposto no **Artigo 9 da Lei 13/2006 do 27 de Decembro de horarios comerciais de Galicia**.

Esta entidade entende que esta medida perxudicaría enormemente ao pequeno e mediano comercio de Vigo, e beneficiaría única e exclusivamente ás grandes superficies, e elo polas razóns que se detallan de seguido.

Dicir en primeiro lugar que **o pequeno e mediano comercio xa se atopa de por si en situación de desventaxa para poder competir con outros formatos** como as grandes superficies, os bazares orientais etc...

Este **sector viuse muy afectado pola crise económica dos últimos anos**, xa que o descenso acusados das vendas e do consumo experimentado, o que provocou o peche de multitude de pequenos e medianos comercios, coa consecuente perda de emprego de calidade.

A recente tendencia a liberalizar os horarios de apertura comercial entendemos que **empeora significativamente a situación das pemes do comercio, e provocando novos peches e novas perdas de emprego**. Cómpre non esquecer que o comercio local segue a ser o motor económico das nosas vilas e cidades, xerador de riqueza e emprego de calidade, a diferenza doutros formatos como as grandes superficies, que crean emprego temporal e precario, que se ubican nas aforas das cidades e vilas e cuxos beneficios non revirten xeralmente na zona onde se ubican.

As tendas de barrio, o comercio de proximidade, dotan de vida e actividade as nosas cidades. Os beneficios obtidos polos titulares destes pequeno comercio, revirten sempre na zona. Así, o titular dun comercio de barrio merca case sempre nas tendas dos veciños e así sucesivamente.

Deixar morrer o pequeno e mediano comercio, e deixar morrer os centros históricos das nosas vilas e cidades. E isto é o que pasará seguramente en Vigo coma noutros Concellos, de continuar adiante coa pretensión de acadar a liberalización total de horarios a través da declaración de zona de gran afluencia turística, medida que insistimos só beneficiará as grandes superficies comerciais.

O pequeno e mediano comercio está a facer un gran esforzo en adaptarse aos novos tempos, de feito, a maioría están xa a utilizar as tendas on-line, as redes sociais etc... que están abertas as 24 horas, para atender satisfactoriamente as demandas dos consumidores que non poden mercar no horario comercial habitual da tenda física. Tamén coas novas aplicacións dos móbiles, os códigos QR, etc.... os consumidores cando os comercios de proximidade están pechados, poden mirar igualmente os escaparates cando pasean, ver algo que lles gusta xunto co prezo, e mercalo a través destas aplicacións móbiles de xeito rápido seguro e eficaz, e coa posibilidade sempre de probalo na casa de devolvelo si non lles convence.

Así o **sector está a utilizar cada vez máis as novas tecnoloxías vendendo a través de tendas electrónicas individuais ou dentro de plataformas colectivas** como a que ten a súa disposición a Federación Galega de Comercio (www.comerciogalicia.es) para poder cubrir as vendas que se poidan producir fora do horario comercial, sin necesidade de que a tenda física esté aberta as 24 horas do día e os domingos e festivos.

Non podemos esquecer que maioría dos titulares do pequeno e mediano comercio, tanto en Vigo como na maior parte dos Concellos de Galicia e de España, son autónomos que non teñen traballadores ou teñen un ou dous traballadores como moito, e non se pode pretender que estes comercios estén abertos as 24 horas do día para poder competir coas grandes superficies, no caso de aprobarse estas medidas que permitirían que as mesmas poidan abrir en horario continuo e tódolos domingos e festivos si así o queren.

Resulta contradictorio que por unha banda estemos a adoptar medidas de conciliación da vida familiar e laboral e por outra banda, pretendamos que os autónomos e traballadores do sector, estén todo o día traballando sin poder descansar nunca.

En canto aos que defenden que a liberalización de horarios xenera emprego, está demostrado que non é así en absoluto, antes ben supón a destrución de emprego de calidade, e a xeralización da precariedade no emprego. As grandes superficies por regra xeral non contratan máis empregados para suplir estas horas a maiores, senón que incrementan as horas dos turnos dos que xa teñen en plantilla e lles obrigan a traballar en domingos e festivos, cos consecuentes perxuicios para a conciliación da vida familiar e laboral.

De feito esta entidade ten constancia, de continuas queixas e reclamacións de traballadores de grandes superficies neste senso, e tamén saen publicadas nos medios de comunicación en repetidas ocasións. E en canto aos **pequenos e medianos empresarios, non poden permitirse xa contratar máis xente para suplir estas horas de apertura para poder ser competitivos.** O consumo e as vendas non se recuperaron todavía o suficiente, e os autónomos están xa moi afogados entre pagar o elevado recibo do RETA, máis outros impostos, aluguer, seguro local etc..como para poder pensar agora mesmo en contratar a máis traballadores para suplir estas horas, e máis cando non ten sentido, pois entendemos que non suporán un incremento das vendas.

Hoxe en día, coas novas tecnoloxías, e a posibilidade de mercar on-line a calquera hora, os consumidores non teñen problema algún en poder adquirir un produto fora do horario comercial das tendas físicas. **Os consumidores non están a demandar esta plena liberdade horaria, porque non teñen problema como dicimos en acceder a calquera hora aos produtos do seu comercio favorito vía on-line, e tamén porque cada vez estamos todos máis concienciados de que todos temos necesidade de conciliar a vida familiar e laboral e isto é imposible de acadar coa implantación dun horario comercial de apertura continua e indiscriminada.** O que hai que facer é sería útil de verdade, sería implementar máis medidas de apoio por parte das distintas administracións públicas para que o sector poida continuar nesta liña de actuación, incentivando a modernización e a renovación do comercio mediante o investimento nestas novas plataformas online que si son o futuro do sector, e que si entendemos que incrementan as vendas e o consumo, e non o feito de estar todo o domingo plantado no comercio esperando que entre algún consumidor despistado.

Non vemos pois a necesidade de implementar medidas de liberalizar horarios comerciais que non benefician en absoluto e perxudican enormemente ao pequeno e mediano comercio, e si o pequeno comercio se ver perxudicado, a economía local tamén.

Así pois, **medidas como a proposta de declarar Vigo como zona de gran afluencia, coa consecuente plena liberdade horaria, non xeneran máis ventas nin máis emprego, e tampouco beneficia ao consumidor, posto que rompe o modelo comercial actual de equilibrio entre formatos que garantiza ao consumidor unha oferta máis completa e competitiva.** A plena liberdade horaria xamais foi unha demanda social nin de consumidores nin de comerciantes. Xenera desequilibrios entre os distintos formatos que poñen en serio risco a libre e leal competencia; o comercio de proximidade non pode afrontar novas contraccións para abrir máis días e horas semanais para competir cos grandes, e así a escasa demanda dirixirase aos outros formatos, provocando o peche de moitos comercios coa perda de traballo do autónomo e dos traballadores. As repercusións negativas destas medidas serán irreversibles para o pequeno comercio da zona.

De feito a pretensión de declarar Vigo zona de gran afluencia turística xa non é a primeira vez que se intenta segun nos consta. Así, Vigo quedou finalmente fora da lista de cidades e municipios, que segundo o Decreto Ley 20/2012, reformado posteriormente polo Decreto Ley 8/2014, tiñan a obriga de ser declarados nun prazo determinado como zonas de gran afluencia turística, e si esto foi así, será porque se considerou que non Vigo non cumpría os parametros para ser declarado como tal, o cal foi unha boa nova dende logo naquel entón para todo o pequeno e mediano comercio local.

Agora estamos ante unha nova proposta, esta vez a través do mecanismo articulado polo artigo 9 da Lei de Horarios Comerciais de Galicia, para declarar Vigo como zona de gran afluencia turística aos efectos da plena liberalización horaria, e novamente a Federación Galega de Comercio opónse firmemente a esta medida, polos **enormes perxuicios que reportará para o comercio local e de proximidade xa explicados,** provocando un enorme desequilibrio entre formatos comerciais en beneficio das grandes superficies, e limitando enormemente a libre e leal competencia.

Asimesmo, **as vantaxes serían nulas.** Non se incrementarán as ventas nin as contratacións, senón que se perderán postos de traballo polo peche masivo de negocios.

A conciliación da vida familiar e laboral resintírase enormemente, tanto nos pequenos negocios como nos grandes, os cales xa se demostrou que non contratan máis traballadores, senón que dobran turno os de plantilla e traballan domingos e festivos, co cal tampouco se crea novo emprego con estas medidas de liberalización. E en canto a necesidade desta apertura indiscriminada..é ridículo hoxe en día pretender que é necesario estar todo o día e domingos e festivos nas tendas físicas para que os consumidores poidan mercar a todas horas, dado que coas novas tecnoloxías e as vendas on-line isto está solucionado.

Tampouco é certo que a apertura indiscriminada incrementa as vendas..o feito de que os consumidores vexan todos os domingos e festivos os comercios abertos non implica que vaian a mercar máis. Isto comprobouse en Comunidades Autónomas como Madrid, que incorpora dende hai tempo a plena liberdade horaria e a pesar disto e segundo datos do INE, nin se crea emprego nin se incrementan as vendas. Así, Madrid perde máis traballadores do comercio que en calquera outra comunidade de España, proba máis do fracaso desta fórmula comercial.

No caso de Vigo, as asociacións de comerciantes deste Concello, todas coinciden nesta postura, están convencidos que a declaración de vigo como zona de gran afluencia turística suporá a “morte empresarial” dun gran número de comercios locais especialmente no centro, coa consecuente perda de postos de traballo e os enormes perxuicios para a economía local e a “vida e actividade” da cidade.

CONCLUSIÓN: Por todo o exposto, segundo a ampla experiencia da Federación Galega de Comercio como representante do pequeno e mediano comercio, así como na loita por manter un equilibrio entre formatos e unha libre e leal competencia mediante o mantemento duns horarios comerciais racionais e non de apertura indiscriminada e inxustificada, e basándonos asimesmo nas experiencias negativas noutros Concellos nos que se aplicaron estas medidas provocando o peche de pequenos comercios, **esta entidade oponse firmemente á declaración de Vigo como zona de grande afluencia turística aos efectos da plena liberlización de horarios comerciais.**

E para que conste, asino o presente informe a tódolos efectos oportunos en Lugo a 22 de Abril de 2016.

Ado JOSE M^a SEIJAS LÓPEZ

PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO